

LOUISE COLET

El
Novela contemporánea

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Denantes de falarlle de como o coñecín e da nosa relación, permítame que lle conte como o vin valsear en 1836. A repentina aparición do talentoso mozo que un día pasou por diante de min, balanceando con elegancia a súa loura cabeza, quedou por sempre comigo, coma un deses cadros cuxos contornos fican claros no recordo. Foi no Arsenal³, ese salón que, cada serán de domingo, se enchía de enxeño e poesía. As mulleres de entón, as da alta sociedade, aínda amaban e buscaban os mellores escritores. Non se permitía, coma hoxe, non ler nada, non admirar nada, non sentir nada grande e fermoso, non amar nada ilustre! Unha arroibaríase se restrinxise a vida á incommensurable folgura dun vestido e se forzase unha bonita cabeza cuberta de diamantes ao incesante e embrutecedor cálculo dun luxo ruinoso; daquela tiñamos atavíos menos ricos, pero máis sentimentos no corazón e máis ideas no cerebro; coqueteabamos e insinuabámonos aos intelectuais e aos persoeiros das letras. Seguíamos o exemplo de príncipes e princesas.

³Antiga residencia dos grandes mestres da artillaría situada no barrio da Bastilla, o Arsenal converteuse nun importante lugar de encontro para a elite literaria e artística dende 1824, grazas a Charles Nodier (Besançon, 1780-París, 1844), conservador da biblioteca. Cada domingo tiñan lugar seráns aos que acudiron, por exemplo, Victor Hugo, Alfred de Musset, Dumas, Balzac, Marceline Desbordes-Valmore ou a propia Louise Colet.

Xa que logo, era unha honra, mesmo para unha marquesa nova, ser recibida na intimidade dominical do Arsenal. Os nosos grandes poetas declamaban alí os seus versos; os nosos compositores célebres interpretaban a súa música, e, máis tarde, para lle poñer o ramo ao serán, as mulleres novas e as rapazas bailaban ao son do piano.

Apenas levaba casada dous meses cando fun ao Arsenal por vez primeira. O meu home, peculiar e celoso, obrigábase a mostrarme en sociedade con vestidos recatados e os brazos tapados baixo mangas longas. Eu obedecía, indiferente entón a todo o relacionado cos asuntos do corazón e da intelixencia. Aquela noite lucía un vestido de veludo negro pechado até o pescozo; o pelo, rizado ao estilo inglés, caíame en longos e abondosos bucles por ambos os lados dos ombreiros cubertos. Unhas ringleiras de campánulas brancas arrodeaban o meu moño e flotaban por detrás. Este peiteado había resultar elegante no caso de se espallar sobre a nudez, mais, amontoado sobre o veludo negro do corpiño, quedaba raro. Cando entrei no salón do Arsenal, xa concluíran as lecturas e a música, e unha moza tocaba ao piano o preludio dun valse. Mirábanme moito porque, agás para o dono da casa, que coñecera o meu pai, era unha estraña para os que alí estaban. Un home novo, ao que cumprimentaban varias mulleres, achegouse a min de pronto e convidoume a bailar. Respondinlle que endexamais bailaba. Saudoume, xirou sobre os talóns e, decorrido un minuto, vino cruzar por diante de min; estreitaba unha moza morena, a musa predilecta daquel salón.

—Por que rexeitou a Albert de Lincel? —preguntoume o anfitrión.

—Oh, era el! El! —exclamei—. Devecía por coñecelo!

—O mesmo! Neste intre valsea coa miña filla.

Dei en observar o bailarín: era esvelto e de mediana estatura; vestía con extremo coidado e incluso con

